



## PREGUNTA ORAL SOBRE A CONSTRUCCIÓN DUN APARCADOIRO PÚBLICO SOTERRADO NA AVENIDA MESTRE MATEO

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, a concelleira que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

A finais do pasado mes de abril, o Concello e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) presentaron un protocolo de colaboración que se prevé asinar “nas próximas semanas”, para –segundo a información oficial difundida- “a convocatoria dunha serie de concursos arquitectónicos vinculados a algunhas das actuacións máis importantes previstas na cidade de cara aos próximos anos”. Entre as actuacións que se mencionan unhas son consideradas prioritarias, concretándose no actual ano 2017 e outras son consideradas “xa a máis longo prazo”, sen concretar ningún horizonte temporal. Entre estas últimas cítase “o acondicionamento da praza pública con aparcadoiro soterrado en Mestre Mateo, vinculado ao Hospital Clínico”, pero nada se di do necesario aparcadoiro soterrado destinado á darlle servizo á zona do Ensanche.

Coa finalidade de concretar o conxunto da planificación que o Goberno ten decidido para darlle satisfacción ás necesidades de aparcadoiro da veciñanza e do comercio da zona do Ensanche, afectada polos sucesivos procesos de humanización que están a reducir as prazas de aparcamento existentes, formúlase a seguinte pregunta:

***Ten decidido o Goberno local a curto prazo algunha actuación puntual para darlle solución ao problema derivado da redución das prazas de aparcamento polas obras de humanización nas rúas do Ensanche? E, en todo caso, cando estima o Goberno que poderá estar en servizo o novo aparcadoiro soterrado no Campus Vida, sobre o que o anterior Goberno tiña redactado un anteproxecto e sobre o que ao parecer o actual Goberno se comprometeu a incluílo nos orzamentos municipais deste ano 2017, para ofrecer prazas alternativas para a veciñanza e a actividade comercial do Ensanche?.***

Santiago de Compostela, a 9 de maio de 2017

Teresa Gutiérrez López  
Concelleira do Grupo Municipal Popular